

**PROBA DE LINGUAXE MUSICAL:**

A proba estará composta polos seguintes apartados:

1. Lectura rítmica. Exercicio entre 16 e 20 compases nas claves de Sol e de FA en 4ª, que incluíra as dificultades propias do 2º curso de G.P.
2. Entoación. Exercicio entre 12 e 16 compases en Clave de Sol, en calquera tonalidade maior ou menor. Dito exercicio realizarase sen acompañamento pianístico. Ao alumno/a tocaráselle o acorde de tónica e a escala antes da súa realización.
3. Ditado. Consistirá nunha frase 8 compases a dúas voces, que incluíra as dificultades propias do 2º curso de grao profesional. O alumno terá que situarse tonalmente tomando como referencia o LA 440, e tras escoitar o esquema harmónico I IV V I da tonalidade.
5. Teoría. Realización de exercicios teórico sobre os seguintes contidos: intervalos, acordes triadas e cuatriadas, cifrado harmónico e americano, notas estrañas, cadencias, diferentes tipos de escalas, flexións (dominantes secundarias), serie harmónica, transporte escrito e mental e con instrumentos transpositores.

**Criterios de avaliación**

1. Ler fragmentos rítmicos nas clave de sol e de fa en 4a, nun tempo establecido, mantendo o pulso fronte ao cambios de compás aplicando a equivalencia establecida, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
2. Entoar afinadamente unha melodía, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso.
3. Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico- melódico, o compás, a tonalidade, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo graficamente con corrección.
4. Realizar correctamente os exercicios teóricos prácticos sobre elementos rítmicos, melódicos, expresivos, harmónicos e formais solicitados.

**Criterios de cualificación e promoción**

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo o alumno superar, en cada un deles, os coñecementos mínimos requiridos polo tribunal. A nota final obterase mediante a seguinte media ponderada:

1. Lectura rítmica 35%
2. Entoación 20%
3. Ditado 20%
4. Teoría 25%

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

**PROBA DE VIOLA**

Interpretaranse 3 obras de estilos diferentes. Ao menos unha delas, deberá interpretarse de memoria. - As obras que así o requiran, deberán ser acompañadas con piano

**LISTADO DE OBRAS ORIENTATIVO**

Barroco e clásico

- J. S. Bach, Suites Viola Sola.
- J. S. Bach, Partitas para Violín Solo.
- C. PH. E. Bach, Sonata Viola e Piano.
- C. Stamitz, Sonata Viola e Piano.
- F.A. Hoffmeister, Concerto en Sib M.
- K.F. Zelter, Concerto en Re M.
- J. Schubert, Concerto en Do M

Romántico

- M. Glinka, Sonata Viola e Piano.
- F. Mendelssohn, Sonata Do m, Viola e Piano.
- R. Schumann, Adagio e Allegro.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- 1) Amosar unha autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos propios do seu curso.
- 2) Amosar un grao de asimilación de conceptos técnicos, tanto de brazo dereito: suxección, condución, golpes de arco á corda e desenvolvemento dos saltados, acordes, etc. Da man esquerda : articulación , cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas, etc; así como a coordinación de ambos os brazos.
- 3) Saber empregar o vibrato con variedade e bo gusto en estudo e obras.
- 4) Demostrar sensibilidade na afinación e na calidade do son.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Fidelidade á partitura, fluidez e precisión rítmica (ata 3 puntos)

Estilo, expresión e fraseo (ata 3 puntos)

Son e técnica (ata 4 puntos)

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

### PROBA DE ORQUESTRA/BANDA

A proba consistirá na interpretación do fragmento/s que o tribunal determine, da obra e parte correspondente á o curso e especialidade á que se queira acceder.

(O seguinte repertorio esta accesíbel para toda a corda da orquestra, tanto o score coma as partes, na web IMSLP.org)

#### Repertorio

6o GP: Sinfonía No.9 de Dvorak III mov. (scherzo)

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Interpretar obras orquestais (fragmentos das mesmas determinados polo tribunal) representativas do repertorio orquestral, de acordo co seu nivel instrumental, demostrando estabilidade rítmica, fraseo, calidade sonora, articulación, etc. axeitados ao nivel. Demostrar dominio do instrumento e da partitura individual, de acordo coas esixencias de cada obra.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Texto (fidelidade a partitura): 10%

Ritmo (precisión, exactitude rítmica, Tempo): 20%

Musicalidade (estilo, expresión, fraseo, carácter, posta en escena): 30%

Técnica (articulación, son, afinación, respiración, posición corporal, dicitación): 40%

#### **IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

**PROBA DE CONXUNTO**

**Estrutura da proba de acceso**

Interpretación de tres obras de estilos diferentes dun nivel de dificultade técnica non inferior ao curso anterior ao que se presenta, escritas e/ou adaptadas para a agrupación proposta polo alumno/a.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- Agóxico e dinámico.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Control permanente da afinación.
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.
- Análise e interpretación de obras do repertorio.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Cualificarase segundo as seguintes porcentaxes:

Texto (Dificultade) 10%

Ritmo (Precisión e exactitude rítmica) 20%

Musicalidade (Estilo- Expresión) 20%

Empaste- Planos sonoros 20%

Técnica (Articulación-son-afinación) 30%

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

**PROBA DE NOVAS TECNOLOXÍAS**

**CONTIDOS E ESTRUTURA DA PROBA**

- a) Realización de un traballo de edición de partituras (con algún dos editores de partituras estudados no curso)
- b) Realización de un traballo de edición de audio (con algún dos editores de audio estudados no curso)

Duración máxima deste apartado: 2 horas

Promocionará ao seguinte curso o alumnado que obteña como cualificación final unha nota igual ou superior a 5.

**Contidos**

Os establecidos na programación da materia

**Criterios de avaliación e cualificación**

Ponderación dos criterios de avaliación

A cualificación obtense realizando a media ponderada dos distintos exercicios puntuando cada un deles de 1 a 10 puntos.

Debido a que a cualificación final se expresa cun número sen decimais, o profesor deberá redondear a nota do seguinte xeito:

- a) Con decimais igual ou menor que 4: redondeo ao número inmediato inferior.
- b) Con decimais igual ou superior que 5: redondeo ao número inmediato superior

Poden consultar a información na programación da materia no seguinte enlace:

<https://conservatoriomanuelquiroga.gal/web/programacions/programacion-didactica-de-novas-tecnoloxias/>

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

**PROBA DE HARMONÍA**

**Contidos**

Serán todos os estipulados na programación didáctica do 4o curso (apartado 6.2.2) que serán avaliados a través das seguintes probas:

- Realizar un baixo-tiple sen cifrar dado polo profesor ou tribunal que conteña os contidos referidos na programación e cunha extensión máxima de 24 compases.
- Análise dunha obra ou fragmento dados polo profesor ou tribunal no que se terá que identificar: tipos de acordes e o seu estado e cifrado, funcións tonais, cadencias, dominantes secundarias, flexións e modulacións, notas alleas. O tempo de realización dos exercicios será de 3 horas máximo

**Criterios de avaliación e cualificación**

- Demostrar o dominio do alumno no referente á mecánica de encadeamento dos diferentes acordes cuatriadas (sentido morfolóxico) e a súa aplicación dentro da frase musical (sentido sintáctico)
- Demostrar o dominio do alumno no referente ás distintas técnicas de modulación e a súa aplicación práctica dentro da frase musical.
- Recoñecer os procedementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal mediante a análise de obras ou fragmentos adaptados ós contidos do curso.

**PONDERACIÓNS:**

BAIXO – TIPLE (80%)

1. Mecánica de enlaces dos acordes (movementos harmónicos ,disposición das partes, cruces das mesmas, xiros melódicos, condución e alteración da sensible. 25%
2. Formación, cifrado e uso axeitado das triadas e cuatriadas (facendo fincapé nestas últimas) en estado fundamental e as súas inversións. Preparación e resolución correctas das disonancias. 20%
3. Sintaxe harmónica tonal 15%
4. Modulación, correcta realización dos procesos modulatorios, tanto na modulación diatónica como na cromática e uso axeitado das alteracións que corresponden tanto a cada tonalidade coma ás escalas auxiliares. 25%
5. Realización de series e progresións harmónicas unitónicas e modulantes de xeito correcto 10%
6. Creatividade e ausencia de monotonía na realización do traballo 5%

NOTA: en todos os apartados RESTARASE 0,5 POR CADA ERRO

ANÁLISE (20%)

1. Tonalidades, modulacións, flexións e dominantes secundarias. 35%
2. Cadencias. 20%
3. Acordes (tipo, estado, cifrado). 30%
4. Figuración melódica. 10%
5. Funcións tonais. 5%

Poden consultar a información na programación da materia no seguinte enlace:

<https://conservatoriomanuelquiroga.gal/web/programacions/programacion-didactica-de-harmonia/>

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

**PROBA DE HISTORIA DA MÚSICA**

Constará dunha parte teórica (o formato de proba pode conter preguntas a desenvolver ou preguntas pechadas tipo test- un mínimo de 20 e un máximo de 50) e unha parte práctica que pretende valorar a capacidade do alumnado na elaboración dun comentario histórico-musical de alomenos dúas audicións con ou sen apoio de partitura, relacionadas cos contidos establecidos nas unidades didácticas da materia para 5º curso (o número máximo de audicións será de catro).

A parte teórica representará un 50% da nota final desta proba extraordinaria e a sección práctica (comentario histórico-musical) o outro 50%. É imprescindible aprobar ambas as partes para realizar a media ponderada. O mínimo para aprobar é un 5.

Como se indica máis arriba, as preguntas e audicións versarán sobre o currículo da materia correspondente aos cursos 4º e 5º de Grao Profesional, que abrangue toda a Historia da Música, desde a Antigüidade ata as músicas experimentais posteriores á Segunda Guerra Mundial, pasando por toda a música da Idade Media, o período renacentista, a música do Barroco, o Clasicismo o Romanticismo e todas as vangardas históricas de principios do século XX.

Para o acceso 6º curso de Grao Profesional contémpanse os mesmos contidos e criterios de avaliación expresados nesta programación. (ver apartado 8.3.6)

Poden consultar a información na programación da materia no seguinte enlace:

<https://conservatoriommanuelquiroga.gal/web/programacions/programacion-didactica-de-historia-da-musica/>

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

**PROBA DE ANÁLISE**

**Formato da proba**

Realización dunha proba práctica que consistirá na análise morfolóxica, sintáctica e estilística de, como mínimo, dúas obras que o profesor determine dos contidos totais do curso das cales unha será unha fuga.

O tempo de realización deste exercicio será de 2 horas e media máximo

**Contidos**

- A FORMA MUSICAL: Definición. Elementos formais.
- FORMA DE CANCIÓN: Canción de himno ou estrofas iguais. O coral figurado. Tipos binarios de canción: (A – A1), (A – B). O lied binario. Tipos ternarios de canción: (A–A1-A2), (A–A1-B), (A–B-B1), (A–B-A1).
- A SUITE BARROCA: Pezas principais: Alemanda – Corrandá – Zarabanda e Giga. Outras pezas: Preludio – Doble – Gavota – Musette – Minué – Paspíe – Loure –Bourrée – Polonesa – Aria – Siciliana – Pavana – Pasacalle – Chacona e Rondó.
- MINUÉ : Minué de tipo ternario. Haydn, Mozart.
- PEQUENAS PEZAS CONTRAPUNTÍSTICAS: Pequenos preludios. A INVENCIÓN a 2 e 3 voces.
- A FUGA. Características e partes. As fugas de J.S. Bach.
- O SCHERZO: Beethoven.
- RONDÓ: Rondó de 5 períodos con 3 temas. Rondó de 7 períodos con 5 temas.
- A VARIACIÓN: A variación ornamental ou melódica.
- O LIED ROMÁNTICO E PEQUENAS COMPOSICIÓN DE AUTORES DO ROMANTICISMO. Schubert e Schumann. Chopin, Mendelssohn, etc

**Criterios de avaliación e cualificación**

1. Identificar mediante a análise de obras os compoñentes da linguaxe musical do Barroco, Clasicismo e Romanticismo. Con este criterio poderase avaliar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos distintos elementos estudados e a comprensión desde o punto de vista estilístico considerado sincronicamente e diacrónicamente.
2. Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo: preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos compositivos pertencentes á práctica tonal que lle conduzan a identificar un estilo e/ou un autor
3. Expor, con base na análise de obras da época da práctica tonal, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a pequena escala: preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os criterios seguidos polo autor ou autora na elaboración da forma global da obra (criterios de proporción, coherencia, contraste, etc.), comprender a relación dos devanditos criterios cos elementos que configuran a forma a pequena escala, e determinar os niveis estruturais establecendo o papel que os elementos e os procedementos xogan dentro deles.
4. Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma pequena escala. Con este criterio preténdese avaliar o progreso da capacidade auditiva do alumnado a través da identificación dos elementos e dos procedementos estudados.

**BLOQUES A PONDERAR**

1. Análise harmónica 35% (\*)

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.



2. Análise formal 25% (\*)
3. Análise melódica e textural 20% (\*)
4. Análise ritmo e son 10%
5. Análise estilístico 10%

Os apartados cun (\*) consideraranse mínimos e deberán sumar 5 puntos para superar a proba.

Poden consultar a información na programación da materia no seguinte enlace:

<https://conservatoriomanuelquiroga.gal/web/programacions/programacion-didactica-de-analise/>

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

**PROBA DE PIANO COMPLEMENTARIO****Contidos**

Interpretación de pezas ou obras adecuadas ao nivel que escollerá o tribunal entre 5 presentadas polo candidato.

Lectura a vista de pequenos fragmentos acordes ao nivel.

Análise e acompañamento con acordes e baixo de Alberti dunha melodía dada polo tribunal de ata tres alteracións empregando estruturas harmónicas que inclúan os graos I, II, IV, V, V7, VI e dominantes secundarias, así como improvisación dunha melodía de polo menos 8 compases cun acompañamento sinxelo seguindo unha estrutura harmónica que conteña os acordes acabados de mencionar nunha tonalidade de ata tres alteracións.

**Obras orientativas**

Zipilivan.....	De Bach a Stravinsky
Czerny .....	Estudos
F. Emonts.....	Método Europeo de Piano I – II - III
Violeta Hemsy de Gainza .....	Palitos chineses Volume I a; I b
Antón García-Abril .....	Cadernos de Adriana I, II, III
M. Carra .....	Método curso 1º, 1º volume
Kabalewsky .....	Op. 39: 1-12 e op. 89: 1-8
Bartok .....	Mikrokosmos Vol. I, e “32 Klavierstück” nº 1, 3
Duvernoy .....	Estudos
Elyse Mach.....	Contemporary Class Piano
E. L. Lancaster .....	Alfred's Basic Adult Piano Course Greatest
Sánchez Peña .....	Piano Práctico 1o A - 1o B – 2o A – 2o B

**Criterios de avaliación e cualificación**

Interpretación das obras (50%).

Lectura a vista (25%).

Acompañamento, análise e improvisación (25%).

Poden consultar a información na programación da materia no seguinte enlace:

<https://conservatoriomanuelquiroya.gal/web/programacions/programacion-didactica-de-piano-complementario/>

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

**PROBA DE MÚSICA DE CÁMARA****Estrutura da proba de acceso**

Interpretación de tres obras de estilos diferentes dun nivel de dificultade técnica non inferior ao curso anterior ao que se presenta, escritas e/ou adaptadas para a agrupación proposta polo alumno/a.

O alumno/a terá a obriga de presentarse á proba con tódolos integrantes da agrupación proposta.

**Contidos**

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes de arco, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- Agónica e dinámica.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para tocar sen director.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- Conxunto de instrumentos monódicos.
- Cuarteto de corda: igualdade de son nos distintos ataques do arco, vibrato, afinación, etc., distribución do arco para o fraseo.
- Quinteto de vento: igualdade nos ataques, articulacións, fraseo, etc. Respiración, afinación e vibrato.
- Conxunto de metais: práctica camerística en formacións diversas.
- Cámara con piano: equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas.
- Voz e piano: acompañamento ao canto.
- Equilibrio de cordas, vento e piano. Articulación, afinación, fraseo, etc.
- Estudo de obras de cámara con clavecín ou instrumento polifónico obrigado.
- Aplicación dos coñecementos de baixo continuo ao acompañamento de un ou varios solistas.

**Criterios de avaliación**

Interpretación de tres obras de estilos diferentes dun nivel de dificultade técnica non inferior ao curso anterior ao que se presenta. Cualificarase segundo as seguintes porcentaxes:

- Texto (dificultade da obra, fidelidade a partitura, memoria): 20%
- Ritmo (precisión, exactitude rítmica, tempo): 20%
- Musicalidade (estilo, expresión, fraseo, carácter, posta en escena): 20%
- Técnica (articulación, son, afinación, respiración, posición corporal, pedal, dicitación): 40%

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.